



esquerda  
unida

**XIII**  
**ASEMBLEA**  
**NACIONAL**  
26 de xuño 2021

**Documento político organizativo**  
**"Construír a Esquerda"**  
**Ponencia da Coordinadora Nacional**



Construír a  
**Esquerda**



## CONSTRUÍR A ESQUERDA

### *Documento Político e Organizativo da XIII Asemblea Nacional Ponencia da Coordinadora Nacional*

#### 1 **Introdución**

2 Durante os últimos catro anos Galicia viviu un proceso de estancamento nas políticas de  
3 destrución do público, regresividade fiscal e apuntalamiento da pobreza. Estes anos estiveron  
4 sen dúbida marcados polas dúas crises económicas vividas: a iniciada en 2008 e a que  
5 comezou a raíz da crise sanitaria da COVID-19 no pasado 2020.

6 Ámbalas dúas transcorreron sen solución de continuidade. No ano 2017, data na que  
7 celebramos a XII Asemblea Nacional, o PIB galego medraba moi por debaixo das expectativas  
8 do 3% chegando en 2019, ano previo á pandemia a medrar só un 1,8% nun momento no que  
9 o Goberno galego e tamén o Central *vendían* publicamente a *recuperación* económica coma  
10 unha fazaña de reconstrución do sistema.

11 A realidade é que lonxe de manter unha melloría no emprego, calidade de vida, servizos, etc.  
12 Galicia continuou empobrecéndose durante eses anos, lastrada non só pola falla de  
13 investimento, se non tamén por un endebedamento nunca visto da administración  
14 autonómica.

15 Cando chegou a COVID-19, atopounos polo tanto, cunha enorme febleza, arrastrando todas  
16 as carencias en forma de recortes e precariedade laboral. Con esta situación, o impacto  
17 económico da Pandemia viu a incrementar aínda máis a bolsa de pobreza.

18 Tamén aconteceu a nivel do Estado. Xa que poucas medidas de regresión dos recortes de  
19 dereitos e liberdades se tiñan conseguido levar a cabo cando o virus impactou nas nosas  
20 vidas, co que a afectación social e económica da COVID-19 asentouse sobre unha xa  
21 maltreita economía e inoperativo *Estado Social*.

22 Este ano cúmprense 10 anos dunha das maiores mobilizacións sociais dos últimos tempos, o  
23 15M. No 2011 unha parte importante da sociedade, fundamentalmente persoas mozas e  
24 pouco politizadas, saía ás rúas en protesta contra a precariedade e a corrupción.

25 Alén das análises dos aspectos positivos e negativos de todo o movemento 15M, dez anos  
26 despois a pobreza non só non se ten reducido, se non que se ten incrementado a cifras  
27 insostibles. O paro xuvenil roza tamén os mesmos datos que por aquel entón. Sen embargo,  
28 a mobilización social atópase estancada e con moita diferenza a aquel 2011, o clima social é  
29 de enfado e tristeza, moi influído tamén polo impacto psicolóxico da COVID-19.

30 Neste horizonte sen futuro para a mocidade, nin tampouco para a maioría da clase  
31 traballadora, resulta máis que nunca imprescindible termos clara a nosa proposta política.

- 1 O resultado das pasadas autonómicas impactounos duramente como organización, pero  
2 supuxo tamén, empobrecer a política galega, convertida agora nun val polo que pasea con  
3 tranquilidade a dereita galega.
- 4 É necesario nestes momentos analizar os erros cometidos e por suposto valorar aquelas  
5 cousas que fixemos ben. Temos un traballo complicado por diante, no que toca remangarse  
6 para superar as dificultades políticas, organizativas e económicas.
- 7 Facelo só pode vir do traballo colectivo de toda Esquerda Unida, do sentimento e da forza  
8 que cada unha e un de nós alumeou cando decidiu integrar esta organización.
- 9 É da forza do colectivo do que se constrúe a esquerda. E é con esa forza coa que  
10 construiremos un porvir.

### 11 **Tese 1. Unha Galicia sen presente. Análise socioeconómica.**

- 12 Nos últimos anos a situación económica de Galicia se ten estancado nun proceso progresivo  
13 de endebedamento, redución da carga fiscal nos grandes patrimonios e adalgazamento do  
14 público.
- 15 O Partido Popular, firme aos postulados neoliberais, ten aplicado desde a entrada de Feijóo  
16 no Goberno unha progresiva redución de impostos, coma no caso do patrimonio, que  
17 durante anos significaron unha importante merma nos ingresos da Comunidade Autónoma.  
18 Só neste 2021 a Xunta deixará de ingresar polo menos 472 millóns de euros.
- 19 Este elemento, xunto coas limitacións de gasto autoimpostas desde o inicio da crise de 2008,  
20 serviron para xustificar a redución do investimento nos servizos públicos, sobre todo en  
21 sanidade e políticas sociais.
- 22 Ao mesmo tempo, a baixada de ingresos fixo que a Xunta se endebedase moito máis para  
23 pagar gastos correntes. Endebedamento que durante anos se realizou pola vía privada e que  
24 nos leva hoxendía a pagar de xuros e débeda o mesmo que a Xunta incrementou o  
25 orzamento neste 2021 verbo da COVID-19.
- 26 En termos xerais, seguimos a ser máis pobres que antes da chegada de Feijóo, pero en  
27 peores condicións, xa que a administración e con ela os servizos públicos están moito máis  
28 adalgazados.
- 29 Paralelamente a ausencia de políticas de emprego e actuacións para fortalecer os sectores  
30 produtivos significou nos últimos anos unha perda progresiva de postos de traballo. É dicir,  
31 non só somos máis pobres coma Comunidade, se non que a clase traballadora atópase  
32 tamén máis precarizada e máis empobrecida.
- 33 Desde a chegada de Feijóo ao poder, Galicia perdeu 72.000 postos de traballo segundo os  
34 datos da EPA. Pero o que é aínda peor é a perda de poboación activa. Desde 2009, ano en  
35 que a dereita chegou ao poder, perdéronse 96.100 traballadores na poboación activa.  
36 Elemento que non só ten que ver co envellecemento poboacional, se non coa ausencia de

- 1 expectativas que propician aínda a día de hoxe a emigración dunha parte da poboación e a  
2 desistencia na busca de traballo de outra.
- 3 A problemática do emprego vai máis alá da perda de postos de traballo. O empobrecemento  
4 da clase traballadora é unha realidade que xa comentamos nas anteriores asembleas, pero  
5 que a medida que pasa o tempo se acentúa máis, eliminando as expectativas de vida  
6 especialmente na xente nova.
- 7 Segundo os datos do último informe da Axencia Tributaria de mercado de traballo e  
8 pensións a maioría das e dos traballadores galegos viven por debaixo do limiar da pobreza.
- 9 A media salarial en Galicia atópase nos 19.879 euros ano (informe relativo a 2019), sen  
10 embargo 187.633 persoas ingresan ao ano menos do 50% do SMI. Isto é, cos datos do último  
11 ano publicado, 187.633 galegas e galegos cobran 450 euros ou menos cada mes. Só no  
12 último ano analizado a cantidade de persoas por debaixo de 0,5 SMI incrementouse un 7,8%.  
13 Algo que é escandaloso.
- 14 Unha cifra semellante de galegas e galegos cobran 9.595 euros anuais, isto é, entre 0,5 e 1  
15 SMI. Ou o que é o mesmo, un 34,4% das e dos asalariados en Galicia non chegan ao salario  
16 mínimo. E en torno ao 58% do total das e dos traballadores en Galicia atópanse baixo o  
17 limiar da pobreza.
- 18 Como vimos sinalando desde a XII Asemblea de Esquerda Unida, traballar no noso país non  
19 garante saír da pobreza e vivir en condicións dignas.
- 20 A distribución etaria da pobreza laboral cébase coas persoas máis mozas. Basta con atender  
21 á distribución da masa salarial conforme á idade: canto máis novas e novos, máis pobreza.  
22 Por poñer un exemplo, na franxa de idade entre 18 e 25 anos o salario medio anual atópase  
23 nos 7.294 euros/ano. Unha cifra que obviamente está detrás das dificultades crecentes de  
24 emancipación na xuventude e que como país, supón un verdadeiro fracaso, porque significa  
25 hipotecar o noso futuro.
- 26 Obviamente, con estas cifras, a Lei de Impulso Demográfico de Galicia, aprobada en xaneiro  
27 de 2021 supuxo un insulto a varias xeracións que asisten a unha expulsión social amparada  
28 na falla de políticas en materia de emprego e industrialización.
- 29 Por outra parte, cómpre atender tamén ao feito de que os informes máis recentes obedecen  
30 á realidade previa á COVID-19, que viu a empeorar moito a situación social e económica.
- 31 Segundo os datos de Oxfam tras o peche de 2020, a pobreza se ten incrementado en Galicia  
32 nun 10,3% só no pasado ano. Chegando á terrible cifra de 612.310 galegas e galegos en risco  
33 de pobreza e exclusión. Datos que poderían empeorar a medida que se retire a ferramenta  
34 dos ERTE, que sostén aínda o emprego de 45.387 persoas na nosa Comunidade.
- 35 Chegadas a este punto, cómpre recoñecer que, aínda que se tomaron medidas positivas por  
36 parte do Goberno Central, nalgúns casos foron moi insuficientes (o IMV a penas foi  
37 concedido a un 20% e con importes insuficientes en moitos casos).

- 1 Obviamente, a responsabilidade máis próxima neste senso é a da Xunta de Galicia, pero  
2 pouco se pode agardar de quen continúa mantendo a incompatibilidade da RISGA con outras  
3 rendas sociais en contra do que acontece no resto do Estado. A Xunta optou ademais por  
4 non incrementar a partida da RISGA ou empregar o incremento orzamentario para dotar  
5 doutras axudas de carácter social, imprescindibles ante o aumento da pobreza.
- 6 Ao mesmo tempo os Concellos están a enfrontar unha parte importante dese impacto social  
7 da crise da COVID-19, sen que se teñan aclarado tampouco cantos fondos extraordinarios  
8 relacionados coas axudas europeas van a xestionar desde os consistorios.
- 9 Unhas axudas europeas que se teñen convertido en elemento de loita institucional e  
10 partidaria, pero que lonxe da panacea que semella querer vender a Xunta de Galicia, tal e  
11 coma temos analizado desde Esquerda Unida semellan moi lonxe de ser determinantes no  
12 futuro da nosa economía.
- 13 Sen embargo, eses fondos deberan ser a base dunha transformación industrial e de  
14 investimento nos servizos públicos que servise para recuperar a situación de adelgazamento  
15 dos últimos anos.
- 16 A continua sangría de peche de empresas no ámbito industrial obedece á ausencia de  
17 políticas de intervención pública e mecanismos de financiamento.
- 18 Certamente a pesar dunha tímida creación de postos de traballo a nivel industrial na época  
19 pre-COVID, a realidade é que continuamos tendo 19.600 empregos industriais menos desde  
20 a chegada de Feijóo e a precariedade e deslocalizacións continúan a ser unha realidade,  
21 como vimos relatando nos innumerables conflitos xurdidos nestes anos.
- 22 Nos sectores primarios os salarios continúan á baixa cunha media de 15.972 euros anuais e  
23 sometidos aos intereses das grandes empresas, sobre todo no que ten que ver co campo e a  
24 gandería. Galicia continúa a ser un dos territorios con menor superficie agraria útil e cuns  
25 ingresos provenientes da PAC dos máis baixos do Estado. Elemento aos que se suma o baixo  
26 prezo en orixe do leite e os produtos agrícolas. No relativo á pesca, a situación actual é  
27 bastante negativa, logo das últimas negociacións no marco europeo.
- 28 En relación ao sector servizos, o impacto da crise da COVID-19 fixo pegada tanto no ámbito  
29 do sector cultural coma no hostaleiro, con máis incidencia se cabe nunha economía como a  
30 nosa, bastante tercerizada e nun sector con moitos empregos precarios e forte dependencia  
31 do consumo.
- 32 En resumidas contas, no ámbito económico a situación de Galicia dista moito de ser boa.  
33 Doce anos despois da chegada do PP ao poder, continúaase a destruír e precarizar o emprego  
34 e a adelgazar os sectores primario e industrial.
- 35 O ámbito público continúa a ser campo de batalla coa progresiva perda de persoal,  
36 fundamentalmente en sanidade, políticas sociais e educación cunhas consecuencias parellas  
37 que se observaron máis cruamente durante os meses duros da Pandemia.

- 1 No ámbito da sanidade desde a XII Asemblea de Esquerda Unida foron moitas as análises  
2 feitas nos nosos órganos apuntando ao desmantelamento da atención primaria e o  
3 importante deterioro da calidade derivada da precariedade laboral no SERGAS.
- 4 Desde fai máis dunha década, o Partido Popular planificou o desmantelamento progresivo  
5 da primaria en aras de convertela en subsidiaria da atención hospitalaria. Un retorno ao  
6 pasado para o que primeiro se retirou a capacidade de dirección e xestión eliminando as  
7 Xerencias de Atención Primaria, se reduciu paulatinamente o persoal con xubilacións  
8 forzosas e non cobertura de prazas estruturais e, xa no último mandato, se adoptou unha  
9 medida sen parangón coma foi eliminar as consultas presenciais coma primeira consulta.
- 10 O PP aproveitou a crise financeira primeiro e a crise da COVID-19 despois para adoptar os  
11 maiores recortes coñecidos á atención primaria. As consecuencias están a ser graves sobre  
12 todo para as enfermas e enfermos crónicos, persoas maiores e en xeral, aquelas que máis  
13 precisan do control continuo no seu centro de saúde.
- 14 Tamén a crise sanitaria foi empregada para continuar profundando nas listas de agarda dos  
15 hospitais.
- 16 A política de persoal nada ten mudado nos últimos catro anos. Pese á utilización perversa  
17 por parte do Goberno autonómico da imposición das taxas de reposición polo central, pese a  
18 seren defendidas durante anos polo PP, a realidade é que o PP segue sen convocar a maioría  
19 das prazas no SERGAS que ten anunciado nos últimos dous anos.
- 20 Ao mesmo tempo, logo de pasada a maior carga asistencial da Pandemia, as prácticas na  
21 contratación volven a ser as mesmas de antes: falla de cobertura de vacacións, non esgotar  
22 as listas de contratación, e nomeamentos de longa duración insuficientes.
- 23 De pouco ou nada serviu o titánico esforzo do persoal sanitario durante os meses máis duros  
24 da Pandemia. O tratamento recibido pola Xunta continúa a ser o mesmo de sempre.
- 25 En políticas sociais, semellante dispensa padece o persoal dos centros públicos. Uns centros  
26 que pese aos anuncios anuais de novas construcións, seguen a ser os mesmos sen que se  
27 teñan ampliado as prazas públicas nos dispositivos de atención a maiores e dependentes, a  
28 pesares da mencionada Lei de Impulso Demográfico.
- 29 Sen embargo, logo do voraz ataque da COVID-19 nas residencias privadas, que segou varios  
30 centos de vidas de maiores en Galicia, o negocio da atención privada continúa vento en  
31 popa, con máis apertura de centros e recibindo as mesmas axudas públicas, como se nada  
32 tivese acontecido.
- 33 Cómpre valorar o feble sistema de coidados que posúe o noso país: privatizado, escaso e  
34 precario. Coidados imprescindibles para maiores e dependentes, vendidos ao mellor postor,  
35 con suculentos beneficios.
- 36 É probablemente, un dos exemplos máis crús do capitalismo, que durante as *vacas fracas*  
37 amosou como para manter as taxas de beneficios se sacrifican mesmo os dereitos humanos  
38 das persoas vulnerables.

- 1 Un sistema que completa o *ultraprecario* sector da atención o fogar, xestionado, en moitos
- 2 casos con desidia, polos concellos galegos, que prefiren a privatización do servizo, pese ás
- 3 consecuencias.
- 4 O sistema educativo continúa arrastrando doce anos de recorte de profesorado e persoal de
- 5 apoio. Onde as nenas e nenos con necesidades especiais e as e os do medio rural foron das
- 6 máis prexudicadas.
- 7 Nestes catro últimos anos a Xunta continuou tamén co peche de escolas rurais iniciado no
- 8 primeiro mandato de Feijóo. Unha actitude hipócrita de quen di estar preocupado pola
- 9 despoboación do rural.
- 10 A isto podemos sumar a xa coñecida penetración do negocio privado no ámbito educativo,
- 11 coa constitución en cernes da primeira Universidade en Galicia baixo a ala de Abanca. Este
- 12 feito constitúe un ataque claro á educación pública e abre a porta a incrementar aínda máis
- 13 do que xa o está o negocio en torno ao ensino superior no noso país.
- 14 Sen profundar máis en cada ámbito dos sectores públicos básicos, a política en xeral que
- 15 caracterizou a situación dos últimos catro anos foi a continuidade nos recortes iniciados
- 16 unha década atrás. Unha progresiva desposesión no acceso aos servizos públicos para a
- 17 clase traballadora e por tanto, unha clara regresión nos nosos dereitos e calidade de vida.
- 18 Galicia é tamén máis pobre medioambientalmente. O noso país atópase no espazo do 20%
- 19 da poboación mundial, principal responsable do cambio climático. Este quinto da sociedade
- 20 mundial que practicamente emitimos o 75% dos gases de efecto invernadoiro (GEI) totais á
- 21 atmosfera terrestre.
- 22 A ciencia foi moi clara: se desde agora ata finais de século permitimos que a temperatura
- 23 media da Terra (14°C) aumente máis dun grao e medio, practicamente todos os sistemas
- 24 ecolóxicos veranse comprometidos.
- 25 En Galicia xa estamos a experimentar unha perda masiva de biodiversidade e de litoral
- 26 mariño, ademais de indicios de desertización, aumento dos lumes e na intensidade e na
- 27 frecuencia das ondas de calor e de frío.
- 28 A ausencia de verdadeira política forestal que continúa convertendo os nosos montes en
- 29 ermos pasto das lapas empeora aínda máis o problema. Á ausencia de política de
- 30 ordenamento forestal súmase a falla de prevención e ausente aposta para que o traballo no
- 31 monte se estenda aos 12 meses do ano, combinando aproveitamento, prevención e
- 32 conservación.
- 33 Ao mesmo tempo os macroparques eólicos ameazan as serras galegas. Se ben é certo que a
- 34 transición enerxética debe comportar planificación das renovables, non é menos certo que
- 35 esa planificación non existe e que son as grandes eléctricas as que movidas pola
- 36 maximización de beneficios planean novas instalacións de produción eólica sen importar o
- 37 impacto ecolóxico, paisaxístico ou patrimonial que poidan ter e sen, por suposto, repercutir
- 38 na economía local ou no abaratamento do prezo da enerxía.



- 1 Temos un modelo enerxético contaminante, maioritariamente en mans de grandes  
2 empresas privadas non vinculadas ao territorio. Coma todas e todos, sabemos a factura da  
3 luz cústanos o dobre que hai 10 anos. Isto débese a un sistema centralizado, inxusto,  
4 obsoleto e ineficiente que se atopa en mans dun oligopolio.
- 5 Outro dos problemas medioambientais que padecemos, derivado do modelo de consumo é  
6 o referente á xeración de residuos e o esgotamento de recursos naturais. A raíz do problema  
7 reside na promoción dun modelo de crecemento baseado no consumo sen fin.
- 8 A sobre-embalaxe dos produtos industriais, a redución da súa vida útil e a perigosa relación  
9 entre riqueza e produción de residuos deixa un panorama pouco alentador. Un incremento  
10 anual na produción de lixo por habitante ano do 5% (o dobre que o PIB) en Galicia están a  
11 facer deste problema un reto case imparabile.
- 12 O plan de xestión de residuos sólidos urbanos (RSU) de Galicia que coloca a incineración  
13 centralizada na planta de SOGAMA, como practicamente a única solución á xestión do lixo  
14 da poboación galega, é claramente un erro. Segundo os datos da empresa nos últimos anos,  
15 o modelo de xestión actual só deixa unha pobre porcentaxe de recuperación (un 8% do total  
16 dos residuos). Ao tempo que a mesma SOGAMA obtén preto de 5 millóns de euros de  
17 beneficios a costa de centos de miles de toneladas de residuos que forman xa unha inmensa  
18 pila de 1,8 millóns de toneladas.
- 19
- 20 Tanto a crise do sistema capitalista iniciada en 2008 como a actual, empurrada pola situación  
21 sanitaria, son crises multifacéticas: económicas, financeiras, medioambientais, de materias  
22 primas, alimentarias, enerxéticas, políticas, culturais, ideolóxicas,... e tamén son crises de  
23 coidados, que afectan principalmente ás mulleres, pola feminización da precariedade laboral  
24 que leva parella, así como pola feminización das migracións.
- 25 En Galicia as mulleres atópanse social e historicamente especialmente discriminadas, por un  
26 modelo económico e de reparto dos traballos produtivos e reprodutivos que as relega ó  
27 ámbito do privado, impedindo a súa plena participación na toma de decisións. O reparto de  
28 tódolos traballos, os remunerados e os non remunerados, debe ser o obxectivo central das  
29 políticas públicas, como paso fundamental para a construción dunha sociedade igualitaria.  
30 Esta aposta política só pode desenrolarse desde a politización do cotiá.
- 31 Na realidade social galega persisten os sectores precarios feminizados, a división sexual do  
32 traballo, a dobre xornada, a fenda salarial de xénero... Discriminacións que derivan no  
33 incremento da feminización da pobreza.
- 34 En canto a fenda salarial de xénero, explica que as galegas percibiron un salario medio anual  
35 inferior nun 21,3% ao dos homes, é dicir, unha media de 5.283 euros menos. Só o primeiro  
36 ano de pandemia deixou a 10.000 mulleres fora do mercado de traballo e supuxo a súa volta  
37 ao traballo de coidados e de tarefas domésticas, a facerse cargo soas da familia, menores,  
38 maiores, dependentes, sen remuneración algunha. O 77% do emprego destruído en 2020  
39 foi feminino. Nun 93% dos casos, son mulleres ás que se acollen a un contrato temporal e a  
40 tempo parcial por coidado de menores ou dependentes. A taxa de temporalidade entre as

- 1 mulleres sitúase no 26%, case catro puntos superior á masculina, cando o pasado ano a  
2 diferenza era de 2,7 puntos.
- 3 A realidade galega, de recortes e desmantelamento de servizos e recursos públicos á que  
4 nos referimos previamente, choca frontalmente co obxectivo da igualdade. A crise en Galicia  
5 materialízase como escusa para que a non incorporación das mulleres ó mercado laboral  
6 supoña o conseguinte retorno á invisibilidade doméstica, coa consecuencia dunha involución  
7 sen precedentes cara vellos roles patriarcais.
- 8 A Lei Galega de Familia, aprobada na primeira Lexislatura de Feijóo e da que seguimos a  
9 esixir a súa derogación, é un bo exemplo disto. Supón un recorte nos dereitos das mulleres  
10 e unha regresión ideolóxica, que recuperou a retórica da familia tradicional, na que a  
11 maternidade ten que ser o rol social e vital das mulleres.
- 12 Nos últimos anos fomos miles as galegas que saímos ás rúas cada 8M para seguir loitando  
13 pola igualdade de dereitos real e efectiva, en sororidade coas mulleres do Estado español e  
14 do mundo, convertindo o 8M nun movemento internacional que caracterizou ao feminismo.
- 15 Acadou especial relevancia este último ano pola pandemia de coronavirus, supoñendo un  
16 enorme esforzo organizativo, derivado non só do contexto sanitario, senón tamén para  
17 vencer os embites da máis reaccionaria das dereitas imaxinables e os seus medios de  
18 comunicación, empeñados inutilmente en intentar criminalizar o movemento feminista e  
19 sementar dúbidas e medos entre as mulleres, mais non o conseguiron, non conseguiron  
20 manernos na casa, saímos as rúas aplicando tódalas medidas preventivas indicadas pola  
21 normativa sanitaria, e con toda a forza e a alegría combativa do feminismo galego.
- 22 Ante esta avalancha de ataques e agresións contra os dereitos das mulleres e contra o  
23 movemento feminista, dende EU temos claro que non imos deixar dar un paso atrás nos  
24 dereitos adquiridos e loitados polas mulleres e o Feminismo.
- 25 A Xunta de Galicia leva anos desprezando ao sector cultural, nunha situación moi fráxil antes  
26 da COVID-19 e que, logo da crise xerada pola Pandemia, vive unha situación de enorme  
27 precariedade. Tal e coma indica o Consello da Cultura Galega a situación estrutural xa non  
28 era boa previamente, arrastrando unhas debilidades coñecidas do sector, como a  
29 temporalidade, o pequeno tamaño das empresas culturais e a alta incidencia de  
30 traballadoras e traballadores autónomos.
- 31 Iniciada a Pandemia, a situación agravouse. Así en Galicia, 667 empresas culturais solicitaron  
32 ERTES, o que afectou a 4.000 traballadoras e traballadores, segundo os datos do Consello da  
33 Cultura Galega. A ausencia de aplicación do “Plan de Activación da Cultura” da Xunta unido  
34 ao continuo cambio de medidas de cara ao sector en relación a hixiene, aforos, etc. Están  
35 detrás dunha parte importante da caída do mesmo.
- 36 Por outra banda, dez anos despois da inauguración da Cidade da Cultura o investimento de  
37 cartos continúa. Pese a non ter orzamento suficiente para sectores e servizos  
38 imprescindibles coma a educación artística, museos, bibliotecas e un longo etcétera, a Xunta  
39 segue sepultando cartos nun contedor baleiro que non serve para garantir o acceso  
40 universal á cultura no noso país.

1 Estas son as principais pinceladas na análise da situación dunha Galicia sen presente,  
2 despoxada dos elementos máis básicos de xustiza social e democracia. Nun contexto onde a  
3 sociedade galega navega no desánimo, influído polo impacto da Pandemia e cunha  
4 rampante despolitización e leva, en moitos casos a non cuestionarse o papel do Goberno  
5 Autonómico ou dos Gobernos locais.

6 Se ben o impacto do ascenso do fascismo no noso país ten unha lectura diferente ao resto  
7 de España, non é menos certo que o actual Partido Popular en Galicia leva anos recollendo  
8 todas as posicións no marco da dereita, incluídas aquelas máis ultras.

9 E que, se ben unha parte de esa dereita pode non coincidir ao cento por cento coas políticas  
10 do PP en Galicia, a tendencia conservadora no voto no noso país, que fuxe de aventuras e  
11 premia a continuidade teñen apuntalado a falsa imaxe de solvencia do Goberno galego,  
12 facendo que as políticas de recorte social se continúen prolongando ata hoxe. Máxime nun  
13 contexto carente de oposición real.

## 14 **Tese 2: Galicia no marco global. Neoliberalismo, pandemia e crise.**

15 En 2008 púxose de manifesto que a profunda crise xeral do capitalismo non era unicamente  
16 unha crise económica, senón que posuía un carácter sistémico que afectaba a outros eidos  
17 como o político, o institucional, o medioambiental, o cultural ou mesmo o ideolóxico.

18 Daquela, a gravidade da crise levou a que as principais potencias económicas chegasen a  
19 propoñer na teoría unha suposta *refundación* do capitalismo. Sen embargo, a realidade foi  
20 que unha vez máis o sistema capitalista reincidiu nas receitas económicas neoliberais que  
21 conduciran á propia crise, acrecentando o traspaso de renda da clase traballadora cara a  
22 clase explotadora, insistindo na economía especulativa fronte a economía produtiva,  
23 impulsando novas privatizacións e favorecendo a creación dunha nova burbulla financeira. E  
24 todo elo a costa dunha evidente redución nos dereitos sociais e laborais, cunha clara  
25 acentuación da precariedade, da temporalidade e do desemprego.

26 É dicir: fronte á saída social e democrática da crise coma a que nós propuñamos, abriuse  
27 paso á saída antisocial e autoritaria que temíamos.

28 De tal xeito que a degradación xerada pola insistencia nas políticas neoliberais xa facían  
29 prever a posibilidade dunha nova crise, mesmo de maiores dimensións que a anterior. Nese  
30 contexto fixo irrupción a covid-19 e a pandemia trouxo consigo o confinamento, a crise  
31 sanitaria, o parón da actividade económica, os ERTE e as medidas de excepción. A pandemia  
32 fixo máis visibles as miserias do capitalismo e a súa nula capacidade de resposta ante os  
33 problemas reais da humanidade.

34 Diante do dilema de garantir a saúde da maioría ou garantir o beneficio dos de sempre,  
35 algúns gobernos chegaron a plantexar a posibilidade de deixar morrer as persoas con tal de  
36 non frear a actividade económica. A pandemia amosou que o capitalismo produce bens de  
37 primeira necesidade para a xeración de beneficios especulativos e non para cubrir as  
38 necesidades básicas da poboación.

- 1 O mellor exemplo delo é a xestión das vacinas contra o virus e o papel da industria  
2 farmacéutica, que aproveita unha crise sanitaria sen precedentes para facer negocio a costa  
3 das patentes sobre un ben de primeira necesidade.
- 4 Polo tanto, a crise derivada da pandemia da covid-19 cuestiona os principios ideolóxicos do  
5 capitalismo, xerando un inmenso drama humano e unha crise sanitaria e económica de  
6 consecuencias globais sen precedentes. Unha situación que demanda un cambio radical de  
7 rumbo para mitigar e superar a crise de grande profundidade que se avexiña.
- 8 Por contra, as elites económicas reclaman un regreso á “normalidade” que significa a  
9 aplicación das mesmas políticas do pasado. De feito, os efectos da crise de 2008 non foron  
10 inmediatos, senón que se fixeron especialmente visibles no período 2010-2014. E a resposta  
11 deseñada polos gobernos neoliberais foron os rescates bancarios e as políticas de recortes  
12 que fixeron pagar a crise ás clases subalternas.
- 13 A situación internacional presenta unha aceleración na profundización da crise estrutural do  
14 capitalismo. Con todo, nunca hai que menosprezar a capacidade do propio capitalismo de  
15 “reinventarse” para atopar novas formas de acumulación do capital. Nese contexto,  
16 acelérase o proceso de recomposición da orde internacional que xa estaba en marcha antes  
17 da pandemia, co crecente papel da República Popular China e o relativo declive das  
18 principais potencias imperialistas.
- 19 Ese é o transfondo de toda a campaña norteamericana contra o país asiático, intensificada  
20 durante a pandemia con campañas mediáticas de descrédito e desinformación que  
21 constitúen o marco xeral dunha versión moderna da Guerra Fría.
- 22 A actual estratexia de EE.UU. é investir billóns de dólares nun plan de modernización de  
23 infraestruturas para facer fronte á Iniciativa da Franxa e a Ruta, o grande proxecto de  
24 conexión con Europa e África impulsado por China por medio de corredores continentais,  
25 roteiros marítimos e outras infraestruturas. Un proxecto no que Galicia podería xogar un  
26 papel importante polos seus portos, incluíndo os exteriores, para o que necesitaría da  
27 modernización das súas conexións ferroviarias.
- 28 Por contra, os países do mal chamado “eixo del mal” como Cuba garantiron as necesidades  
29 básicas da súas respectivas poboacións combatendo con éxito os efectos da pandemia. E  
30 aínda foron quen de prestar o apoio a terceiros países a pesar das sancións e os bloqueos  
31 económicos de EE.UU. e a UE, facendo prevalecer os valores da solidariedade e a xustiza  
32 social fronte ao ánimo de lucro. Unhas circunstancias que levaron a moitos países a  
33 cuestionar a orde xurdida nas relacións internacionais tralo final da chamada Guerra Fría,  
34 acelerando cambios xeopolíticos que xa estaban en marcha, cunha clara perda de  
35 hexemonía internacional dos EE.UU. e a Unión Europea.
- 36 Neste sentido, levamos anos denunciando a deriva neoliberal da UE, especialmente desde a  
37 aprobación do Tratado de Maastricht en 1992. A UE converteuse nunha entidade insolidaria  
38 e lesiva para os intereses das maiorías sociais que prexudica gravemente as condicións de  
39 vida da clase traballadora. O declive desta UE construída ao servizo do Capital, subordinada  
40 aos grandes intereses económicos e aos intereses xeoestratéxicos de EE.UU. e a OTAN, xa se

- 1 acentuara especialmente desde a aprobación das políticas de recortes durante a crise de  
2 2008.
- 3 A pandemia confirmou esa decadencia e perda de peso no ámbito internacional, poñendo  
4 de relevo as súas contradicións e a súa perda de lexitimidade, que moi dificilmente poderá  
5 recobrar a través dos fondos europeos de recuperación. O escandaloso déficit democrático  
6 que sofre a UE, a redución do seu peso económico e político, o Brexit e a posibilidade de  
7 posibles abandonos no futuro, a paralización de calquera iniciativa orientada a un horizonte  
8 federal ou a carencia dunha fiscalidade unitaria son elementos que marcan a decadencia do  
9 proxecto europeo.
- 10 Tal como sinalamos nos documentos aprobados pola XII Asemblea federal de Izquierda  
11 Unida, entendemos que a UE nin é reformable nin constitúe unha ferramenta útil para os  
12 fins que perseguimos. Propugnamos a procura de novas alianzas entre os pobos europeos,  
13 mediterráneos e latinoamericanos baseadas na cooperación, o *multilateralismo* e o respecto  
14 mutuo.
- 15 Política e socialmente tamén está en quebra ese mantra que identificaba unión económica  
16 europea con modernidade, existente no noso país desde o franquismo. Máis preocupante  
17 aínda é a actual correlación de forzas no plano político en todos os territorios da UE,  
18 situación na que ten moito que ver a manifesta debilidade da esquerda, residual en moitos  
19 casos, e o avance xeneralizado da extrema dereita.
- 20 Unha conxuntura que é causa e consecuencia, simultaneamente, da agresiva política  
21 exterior da UE que sanciona a gobernos respectuosos cos dereitos humanos e avala outros  
22 onde se quebrantan e violan a diario. Esa é unha forma máis de introducir o pensamento de  
23 extrema dereita e o discurso do odio desde as institucións.
- 24 Neste contexto, e despois das claras divisións evidenciadas durante a pandemia no seo da  
25 UE, o Consello Europeo aprobou o maior plan de estímulo económico da súa historia,  
26 financiado a través do seu orzamento. Xunto a esa medida aprobouse o Fondo de  
27 Recuperación *Next Generation* que pretende reparar a curto prazo os danos económicos e  
28 sociais inmediatos causados pola pandemia de coronavirus, coa idea dunha Europa “máis  
29 ecolóxica, máis dixital e máis resiliente”.
- 30 Evidentemente, estes fondos aportan vantaxes, pero tamén conteñen perigos, tendo en  
31 conta que os plans de “axuda” ou de “recuperación” sempre foron utilizados como  
32 instrumentos para aumentar a dependencia externa de determinados países, para forzar  
33 medidas de “liberalización” da economía e para a privatización dos servizos públicos.
- 34 O Fondo de Recuperación *Next Generation* permitirá a España mobilizar un volume de  
35 inversión sen precedentes de 140.000 millóns de euros, dos que a metade non están  
36 suxeitos a devolución e o resto son créditos a baixo interese con devolución a longo prazo. A  
37 súa distribución vai supor unha dura disputa entre os distintos *lobbies* empresariais e as  
38 administracións públicas.
- 39 É necesario evitar que sexan os de sempre os que xestionen estes fondos e primar os  
40 sectores públicos, impedindo que sexan as grandes empresas as que os perciban e os

1 administren. Por descontado, é necesario exercer o control sobre os fondos transferidos  
2 polo goberno central ás administracións autonómicas e locais a través do *Plan de*  
3 *Recuperación, Transformación e Resiliencia* deseñado polo actual goberno de coalición do  
4 que formamos parte. Os fondos deben reforzar o sistema público, fortalecendo o emprego a  
5 través de mecanismos de cohesión social, e xerar tecido produtivo. De entrada, en sentido  
6 contrario, a Xunta de Galicia xa anunciou un mecanismo público-privado para captar estes  
7 fondos europeos.

8 EU estima que a utilización dos fondos en Galicia debe basearse en tres piares básicos: a  
9 necesidade de fortalecer os servizos públicos, cunha forte inversión no sistema sanitario e de  
10 coidados; as axudas ás persoas autónomas e ás pequenas e medianas empresas; e a  
11 inversión na industria, vinculada a proxectos que apuntalen a intervención pública para que  
12 se manteña o emprego no noso país e evitar os EREs e os peches de empresas.

13 De igual xeito, haberá que estar alerta por como se desenvolve a chamada transición dixital,  
14 que tendo a parte positiva de incorporar o avance científico e tecnolóxico ao funcionamento  
15 dos servizos públicos e ao desenvolvemento dos procesos produtivos, tamén abre unha  
16 posible vía á patronal para profundar na explotación laboral a través do *teletraballo*, o  
17 desregulamento de horas ou a redución salarial, ademais dunha posible degradación dos  
18 servizos públicos.

19 Para EU, os fondos de reconstrución son insuficientes para modernizar o país e garantir o  
20 necesario cambio de modelo produtivo. É imprescindible adoptar medidas a curto, medio e  
21 longo prazo que non se poden reducir á captación deses fondos. A dimensión dos problemas  
22 que enfronta o país require a adopción de obxectivos e criterios que rompan con actuacións  
23 pasadas que están na orixe dos déficits estruturais que padecemos. Iso so é posible  
24 asumindo de maneira decidida una alternativa *rupturista* de esquerda que teña como  
25 obxectivo central o desenvolvemento económico e social indispensable para elevar as  
26 condicións de vida e o benestar do pobo galego.

### 27 **Tese 3: O noso proxecto de país. Alternativas e propostas políticas.**

28 Definidas as principais problemáticas económicas e socio-políticas nas que se atopa Galicia,  
29 resulta necesario para Esquerda Unida concretar o modelo de país que queremos. Cales son  
30 as alternativas para avanzar nunha Galicia que mire cara os dereitos sociais, o medio  
31 ambiente, o emprego e os servizos públicos.

32 Sempre fomos unha forza que bebeu da tradición programática, da definición escrita da  
33 alternativa política. Así que, aínda que é ben certo que cada unha das e dos militantes de  
34 Esquerda Unida asumen implicitamente moitas das nosas propostas políticas, é necesario  
35 poñer sobre o papel cales son as prioridades coma país que nós entendemos que poden  
36 axudar a debullar a Galicia do futuro.

37 Esquerda Unida defende unha Galicia inserta nun modelo de Estado federal e republicano.  
38 Polo tanto, unha Galicia máis descentralizada na xestión e moito mellor coordinada co  
39 Goberno Central naquelas competencias propias do Estado.



- 1 Defendemos un modelo de Federación que avance legalmente na garantía de dereitos  
2 sociais. O actual Estatuto de Autonomía, alén do modelo de Estado no que se inserta, é unha  
3 norma anticuada e pequena, que non recolle nin garante elementos básicos sobre o acceso a  
4 servizos públicos, a garantía dos dereitos sociais ou elementos que sosteñan principios de  
5 redistribución da riqueza.
- 6 Esquerda Unida entende que se ben o actual marco Autonómico e Constitucional non  
7 obedece ao noso modelo de país, incluso dentro do mesmo é necesario e factible poñer en  
8 marcha un novo marco legislativo que garanta a xustiza social mediante o reparto da riqueza  
9 e a preponderancia do público.
- 10 Ante o baleirado das arcas públicas e o endebedamento empregado para sufragar máis  
11 débeda privada nun bucle sen fin, é necesario levar a cabo unha importante reforma fiscal.  
12 En primeiro lugar é importante non só para poñer fin ás *vacacións fiscais* ás que a dereita  
13 levou aos grandes patrimonios, se non porque é imprescindible avanzar na progresividade  
14 dos impostos e gravar as rendas do capital, así como aquelas froito da explotación dos nosos  
15 recursos naturais.
- 16 Galicia pode e debe ter unha recadación acorde coas necesidades de financiamento dos  
17 servizos públicos e dos dereitos sociais básicos. Esquerda Unida entende que a débeda  
18 pública é un instrumento que debe ser empregado para o investimento neses servizos  
19 públicos e dereitos básicos.
- 20 A democratización da economía supón incrementar a recadación, redistribuíndo estes  
21 ingresos e a totalidade do orzamento, de xeito que teñan un impacto na vida das persoas  
22 máis vulnerables, co obxectivo final de mellorar as condicións de vida da clase traballadora.
- 23 Esa democratización esixe priorizar o gasto público no acceso a bens básicos, pero tamén  
24 nos proxectos de futuro que nos permitan reindustrializar Galicia e avanzar na recuperación  
25 dos nosos sectores produtivos.
- 26 Esquerda Unida defende que a transición cara un país máis respectuoso co medio ambiente  
27 e o desenvolvemento da industria non son elementos antitéticos e que, polo tanto, é  
28 necesario mirar cara a industria do futuro en clave de calidade do emprego, calidade  
29 ambiental e riqueza para o país.
- 30 Galicia posúe competencias propias en materia de industria. Estas competencias deben  
31 materializarse nun Plan de Industrialización que pase por diversificar a produción industrial  
32 orientándoa cara sectores de máis valor engadido, mellorar a formación dirixida a  
33 incrementar a tecnificación e actualización continua dos coñecementos das e dos  
34 traballadores, establecer ferramentas de financiamento públicas que permitan avanzar a  
35 proxectos industriais necesarios para o país.
- 36 Faise necesario que o Goberno galego conte coas universidades e co coñecemento existente  
37 no noso país para desenvolver un verdadeiro Proxecto de I+D+i público. Se queremos  
38 mellorar a industria do país e incrementar o valor do que producimos, precisamos  
39 innovación e investigación e para que a utilidade destas reverta no crecemento do país este  
40 Proxecto debe ser público.

- 1 Sobre o financiamento e as ferramentas de crédito, cabe destacar que Esquerda Unida non  
2 defende o modelo de axudas á industria privada actual. Supoñen unha entrega de cartos a  
3 fondo perdido que na práctica é igual a socializar as perdas das grandes empresas e  
4 malgastar cartos públicos sen que estes garantan emprego de calidade.
- 5 Esquerda Unida defende a intervención pública da economía, polo que os instrumentos de  
6 crédito deben estar condicionados a elementos de calidade do emprego, beneficio social e  
7 reversión económica do investimento para a administración pública.
- 8 Alén das ferramentas de investimento particulares, defendemos a necesidade de contarmos  
9 con Banca Pública, non só para mellorar a situación dos proxectos económicos se non tamén  
10 para que poida constituír un verdadeiro servizo para as galegas e galegos.
- 11 En materia de emprego, é necesario afrontar as grandes eivas que temos en canto a políticas  
12 activas de emprego. O Goberno Central ten anunciado o incremento do orzamento para as  
13 PAE vinculándoos a unha remodelación. Sen embargo a xestión das PAE é competencia  
14 autonómica e como tal, faise necesario que se aborde a reforma do Servizo Público de  
15 Emprego.
- 16 O problema das persoas paradas de longa duración ten unha faciana de muller e está  
17 cronificado nunha parte da clase traballadora galega. É inasumible coma país continuar cun  
18 sistema que abandona ás persoas mozas á súa sorte ante as dificultades laborais e que  
19 condena ao ostracismo ás persoas máis maiores en idade laboral que non atopan traballo.
- 20 Temos que abordar a situación demográfica con seriedade. O envellecemento poboacional  
21 nos países desenvolvidos forma parte das características sociais do modelo capitalista, con  
22 baixa protección social e adelgazamento do Estado.
- 23 Cómpre dicir que o conflito de clase vai mais alá da tensión capital/traballo asalariado, para  
24 ser unha tensión entre o capital e todos os traballos, os que se pagan e os que se fan de  
25 balde, isto é, un conflito entre o capital e o coidado da vida humana.
- 26 O capitalismo renega da perspectiva de xénero e da perspectiva social e de clase, pois o  
27 sistema se sostén sobre a desigualdade, o patriarcado e a negación da diversidade.
- 28 Resulta obvio que as políticas natalistas coas que a dereita pretende abordar o *reto*  
29 *demográfico* son absolutamente inútiles nun sistema que continúa sen incluír as tarefas de  
30 coidado coma un elemento social e económico á altura do traballo asalariado e a renegar da  
31 necesidade de contar coas persoas migrantes e implementar melloras nos servizos públicos  
32 e na protección social.
- 33 Cando falamos de políticas públicas de Igualdade, un dos piares a traballar ten que centrarse  
34 en xerar uns servizos públicos de calidade que dean cobertura ás diferentes necesidades no  
35 campo dos coidados.
- 36 Cando a inmensa maioría das excedencias por coidado de fillas e fillos ou de persoas  
37 dependentes e da contratación a tempo parcial ou as reducións de xornada por motivo de  
38 coidados son de mulleres, sumado a escaseza cada vez maior de servizos de atención á  
39 dependencia ou a ridícula oferta de escolas infantís, faise imprescindible desenvolver unha



- 1 rede de servizos públicos que dean cobertura a estas necesidades e que permitan a  
2 compatibilidade e o equilibrio entre as vidas profesionais e persoais de mulleres e homes.
- 3 Nese sentido Esquerda Unida defende a necesidade dunha forte rede pública de Escolas  
4 Infantís, integrada no sistema educativo, que facilite as tarefas de coidados, pero tamén as  
5 educativas e laborais.
- 6 As políticas de emprego ás que antes nos referimos son tamén imprescindibles á hora de  
7 fixar poboación, ao igual que as políticas en materia de vivenda.
- 8 Resulta hipócrita que o Goberno galego pretenda un incremento da natalidade nun marco  
9 de imparable ascenso da pobreza e cunha unha carencia clamorosa no acceso ao dereito á  
10 vivenda.
- 11 Esquerda Unida defende coma aposta estratéxica pular por un parque público de vivenda,  
12 fuxindo da confrontación Xunta-Concellos e baseando o modelo de vivenda no réxime de  
13 alugueiro. É necesaria a rehabilitación de milleiros de vivendas e o uso de centos de vivendas  
14 baleiras, para o que é imprescindible a aplicación das ferramentas legais dispoñibles.
- 15 Por outra banda, tal e coma referimos antes, o desmantelamento e desatención ao sistema  
16 de coidados é unha realidade que quedou patente coa crise da COVID-19.
- 17 O idadismo do sistema capitalista no que vivimos reflectiuse á perfección nas políticas sociais  
18 para as e os maiores levadas a cabo durante os últimos anos pola Xunta: as persoas maiores  
19 son observadas de cara á administración coma un gasto orzamentario, polo que o  
20 orzamento se ten reducido o máximo posible. Pola contra, de cara ao capital son observadas  
21 coma un nicho de negocio, elemento que propiciou a privatización do sistema de residencias  
22 e centros de día.
- 23 Resulta máis que nunca necesario o establecemento dunha rede pública de coidados, que  
24 dote de residencias públicas ás cidades e vilas galegas e que achegue os centros de día,  
25 como elemento de conciliación e de fomento da autonomía ao groso da poboación.
- 26 A rede de coidados debe contar cun sistema de axuda no fogar que remate coa  
27 arbitrariedade de normas no actual sistema xestionado polos concellos e que poña punto e  
28 final á precariedade que sofren as súas traballadoras, para o que resulta necesario que este  
29 sistema se integre na rede pública con criterios claros nas tarefas a desenvolver polo persoal  
30 coidador e tempo suficiente para proporcionar os coidados axeitados.
- 31 Falando de coidados, a saúde é unha prioridade para Esquerda Unida. A reversión do  
32 proceso de descapitalización do sistema público de saúde é irrenunciante para nós.
- 33 É preciso comezar a devolver paulatinamente o persoal eliminado nos últimos anos e  
34 retornar as Xerencias de Atención Primaria, dotando a esta de ferramentas e orzamento  
35 para ser a base do SERGAS cun modelo baseado na promoción da saúde e na prevención  
36 primaria e secundaria.
- 37 O modelo sanitario que Esquerda Unida defende avanza na autonomía das diferentes  
38 profesións sanitarias paralelamente á instauración dun modelo de traballo en equipos

- 1 multidisciplinares. A enfermaría, a fisioterapia, a psicoloxía e outras disciplinas son claves  
2 para logralo.
- 3 O futuro da sanidade que defendemos pasa por entender a Saúde Mental como unha parte  
4 imprescindible e importante do sistema sanitario, establecendo varios niveis de atención,  
5 perfectamente coordinados. Na atención primaria é necesaria a implantación da psicoloxía  
6 clínica e que esta se integre nos equipos cos outros profesionais, sobre todo coas médicas e  
7 médicos.
- 8 Dignificar as condicións das persoas con problemas de saúde mental é tamén unha  
9 prioridade para nós, así coma integrar a prevención e tratamento das adicións no sistema  
10 público.
- 11 Por outra banda, necesitamos avanzar en novas prestacións, como as relacionadas coa  
12 odontoloxía ou ortoprotésica, sobre todo para aquelas persoas con menos recursos e  
13 enfermidades graves ou crónicas. Por poñer un exemplo, a día de hoxe, as persoas enfermas  
14 de cancro, incluídas aquelas con cancro orofarínxeo, seguen sen ter cuberta polo sistema  
15 público a atención odontolóxica.
- 16 É necesaria unha auditoría das privatizacións no SERGAS e unha planificación das reversións  
17 das mesmas ou da non renovación de concesións que permitan preparar ao sistema público  
18 para asumir os servizos que agora xestionan as empresas.
- 19 Na educación sucede algo semellante, precisamos planificar a progresiva asunción polo  
20 sistema público dunha parte importante do ensino hoxe privatizado a través de concertos.
- 21 Igualmente, mellorar as rateos, devolvendo prazas eliminadas desde a chegada de Feijóo é  
22 unha necesidade real. É necesario tamén poñer o aceno no persoal de apoio e aquel  
23 imprescindible para as e os alumnos con necesidades especiais, en aras de mellorar a  
24 calidade educativa e a integración na escola e nos estudos secundarios.
- 25 Esquerda Unida defende tamén a implantación da enfermaría escolar nos centros públicos,  
26 comezando por aqueles de educación especial, ou con presenza de alumando con  
27 enfermidades crónicas e cubrindo paulatinamente os centros para lograr no só un avance na  
28 atención, se non tamén un paso de xigante na educación para a saúde desde a escola.
- 29 A gratuidade dos libros de texto e materiais ou dos comedores escolares, así coma as  
30 melloras na rede de transporte escolar son imprescindibles. No caso dos comedores  
31 escolares, Esquerda Unida segue defendendo a necesidade de que estes poidan abrir nos  
32 meses de verán, de existir demanda, para permitir que as e os menores vulnerables  
33 manteñan unha correcta alimentación e poida existir conciliación tamén durante eses  
34 meses.
- 35 Esquerda Unida entende que non é admisible a privatización da ensinanza superior, parar a  
36 expansión da universidade privada é un obxectivo propio, así como abaratar as segundas e  
37 sucesivas matrículas universitarias e os estudos de postgrao para permitir o acceso da clase  
38 traballadora.

- 1 En canto á formación profesional, necesitamos adaptar á oferta ás necesidades coma país,  
2 para formar profesionais necesarios e necesarias con mellores garantías de emprego. A  
3 inspección educativa sobre as condicións do alumnado en prácticas debe ser reforzada e  
4 mellorada.
- 5 Finalmente, Galicia necesita poñer en valor as ensinanzas artísticas, mellorando as rateos  
6 de profesorado e a situación dos centros.
- 7 Queremos un país saudable, por iso é imprescindible traballar desde a administración  
8 autonómica cos concellos para mellorar a oferta deportiva e de centros para realizar  
9 exercicio nas diferentes etapas da vida, coma un nexo entre a saúde e o deporte. Nese  
10 ámbito, o apoio ao deporte de base é unha boa forma de fomentar entre a infancia e  
11 mocidade o exercicio da actividade deportiva.
- 12 A nivel cultural, xa nos referimos na Tese 1 á situación de abandono do sector en Galicia.  
13 Precísase en primeiro lugar realizar un mapeo e unha análise das necesidades do sector e  
14 establecer prioridades de actuación priorizando aquelas actividades, bens ou elementos  
15 artístico-musicais que sirvan para achegar a cultura a un maior número de galegas e galegos.
- 16 As axudas públicas neste ámbito, ao igual que no ámbito de industria, deberán vincularse a  
17 elementos de carácter social, é dicir, emprego non precario, interese social dos proxectos,  
18 etc.
- 19 Por outra banda, é imprescindible o incremento do orzamento para Cultura, tanto no  
20 necesario para infraestruturas, coma para contido cultural, sen esquecer a necesidade de ter  
21 en conta que a cultura debe ser accesible tamén no rural.
- 22 Un elemento importante para a transmisión cultural son os medios de comunicación en  
23 todas as súas vertentes. Galicia padece a bota abafante do control da dereita nos medios.  
24 Esquerda Unida defende a necesidade dunha radiotelevisión pública que aporte pluralidade  
25 e veracidade e con contidos adaptados ao século XXI e ás necesidades de acceso a  
26 información, cultura e entretemento.
- 27 Ao mesmo tempo, é necesario mellorar conxuntamente co Goberno Central a cobertura de  
28 Internet no noso territorio. A dispersión de Galicia non pode ser óbice para que hoxendía  
29 sigamos tendo vilas e pobos que non teñen acceso á rede, cunhas consecuencias negativas  
30 que xa se padeceron no ámbito da educación e do traballo durante a Pandemia. A  
31 dixitalización é tamén moi necesaria para desenvolver os sectores primarios e a o negocio  
32 industrial da transformación de alimentos (explotacións agropecuarias e factorías de  
33 transformación).
- 34 Galicia precisa axustar a superficie agraria útil ás necesidades produtivas, avanzando nunha  
35 parcelaria que nalgunhas zonas do país leva décadas estancada e ordenando o noso monte.  
36 A ordenación forestal é perentoria nun país coma o noso, pasto dos lumes anualmente, sen  
37 política de prevención e cunha elevada presión económica relacionada coa produción  
38 pasteira.

- 1 No agro os prezos mínimos en orixe deben ser regulados conxuntamente co Goberno  
2 Central, así coma no caso da pesca, regulando as augas interiores para un mellor  
3 aproveitamento e traballando para mellorar a situación da pesca de altura.
- 4 Galicia precisa avanzar en paros biolóxicos nalgúns dos seus bancos marisqueiros, coma é o  
5 caso da ría de Ferrol, que garantan uns ingresos decentes para as mariscadoras mentres  
6 permiten rexenerar uns bancos que hoxe ese atopan esquilados.
- 7 Finalmente, é preciso avanzar na vertebración interna de Galicia mediante o transporte  
8 público e colectivo. Esquerda Unida defende o ferrocarril coma prioridade á hora de  
9 conectar as principais cidades e vilas galegas, así coma á hora de establecer unha conexión  
10 moderna para as mercadorías, que una o Eixo Atlántico co resto de provincias e con  
11 Portugal.
- 12 O transporte metropolitano debe desenvolverse, sentando a Concellos e Administración  
13 Autonómica para rematar cun traballo insuficiente e inconcluso que sirva para mellora a  
14 conexión do rural coas cidades e os traxectos entre concellos.
- 15 Estas son algunhas das pinceladas básicas da proposta política de Esquerda Unida para  
16 Galicia que, sen afondarmos máis, xa que este documento dista moito da extensión dun  
17 programa, reflicten parte do traballo que vimos realizando nos últimos anos e indican algúns  
18 dos principais aspectos nos que poñer o aceno do noso traballo nos vindeiros anos.
- 19 Máis alá das propostas concretas en cada ámbito socio-político e económico, como  
20 indicabamos ao principio desta tese, Galicia precisa avanzar nos dereitos sociais e  
21 liberdades, entre elas tamén os dereitos das mulleres, os dereitos LGTBI ou a Memoria  
22 Democrática, entre moitas outros elementos.
- 23 O proxecto de Esquerda Unida é eminentemente republicano, feminista, solidario e  
24 internacionalista, estandartes que deberan de impregnar o futuro texto legal do noso país  
25 nun marco Federal.

#### 26 **Tese 4: Fortalecer Esquerda Unida, traballar a acción externa.**

- 27 Tal e coma definimos no Informe de Xestión a organización viviu nestes catro anos melloras  
28 no noso funcionamento interno, pero tamén elementos nos que non acertamos e outros  
29 que quedaron sen cumprir.
- 30 En termos xerais mellorouse na organicidade, respectándose os prazos e calendarios  
31 internos e a celebración de órganos Nacionais, nos que se decidiu a política da organización  
32 neste período. Tamén melloramos a visibilidade coma organización e a actividade en torno á  
33 proposta política. Estes, eran obxectivos da XII Asemblea.
- 34 Foi positivo tamén o balance na cohesión interna, tanto nos debates orgánicos, coma nas  
35 actividades máis lúdicas.

- 1 Sen embargo, como tamén reflectimos no Informe de Xestión, a organización denota certo  
2 esgotamento relacionado cos múltiples procesos electorais e de negociación política. Por  
3 outra parte aínda que a comunicación interna ten mellorado continuamos sen socializar e  
4 aproveitar o traballo e potencialidades que temos nas diferentes localidades e comarcas.
- 5 Igualmente, o groso do traballo da dirección Nacional asumíuse na maior parte polas  
6 compañeiras contratadas da organización, polo que, neste momento no que non contamos  
7 con ninguén con plena dedicación á organización, priorizar e distribuír o traballo é un  
8 obxectivo claro.
- 9 Os anos que temos por diante estarán marcados pola necesidade de traballar no eido  
10 municipal, non só polas vindeiras eleccións municipais, que sen dúbida son moi importantes,  
11 se non porque as posibilidades de fortalecer á organización e mellorar a situación actual  
12 soamente pasan por incrementar a base militante das localidades. Unha reestruturación de  
13 abaixo a arriba.
- 14 Priorizar e distribuír tarefas e traballar o eido municipal son as pautas que van marcar os  
15 obxectivos de Esquerda Unida nos vindeiros catro anos tanto no interno coma no externo.

## 16 **Fortalecer Esquerda Unida**

- 17 Temos a necesidade de recuperar o traballo militante. É obvio que precisamos medrar en  
18 afiliación, pero máis alá do número de persoas afiliadas á organización, é preciso  
19 incrementar tanto nos órganos de base coma nos Nacionais o número de compañeiras e  
20 compañeiros vinculados a tarefas concretas.
- 21 Para poder acadar ese obxectivo necesitamos ir paulatinamente recuperando a actividade  
22 presencial. A Pandemia significou un descenso de participación en moitas localidades, a  
23 realización de asembleas periódicas, pero sobre todo, algunhas actividades presenciais  
24 abertas á militancia axudarán a achegarse de novo á organización.
- 25 No interno é unha necesidade manter un cadro mínimo de responsabilidades a nivel local.  
26 Trátase de manter vivas as estruturas locais axeitándose á realidade militante de cada  
27 localidade. Naqueles lugares con un baixo número de militantes resulta inútil nomear un  
28 número excesivo de responsabilidades se posteriormente non vai a existir base para facer  
29 certo grupo de traballo ou se cada un dos membros da coordinadora local vai ter que asumir  
30 un número inxente de tarefas que lle impidan avanzar efectivamente en ningunha.
- 31 Precisamos recuperar as asembleas comarcais coma espazo de militancia e encontro tanto  
32 para as localidades que polo seu baixo número afiliativo carezan de órgano de dirección,  
33 coma para poñer en contacto ás compañeiras e compañeiros de concellos próximos para  
34 potenciar mutuamente e compartir o traballo que se está a realizar.
- 35 Non se trata de duplicar estruturas, elemento que abordamos na XII Asemblea coma un  
36 problema, se non de posibilitar a participación da militancia máis illada, que precisa de apoio

- 1 para poder fortalecer a presenza de EU no seu municipio. Esta cuestión é imprescindible de  
2 cara ás vindeiras municipais.
- 3 Máis alá das asembleas comarcais, é importante para fortalecer esa relación as xuntanzas  
4 periódicas comarcais, con representación de cada localidade. Non coa idea de constituír,  
5 como vimos de explicar, estruturas comarcais clásicas, se non co obxectivo de coordinar ás  
6 diferentes localidades, teñan estas órgano formal ou non.
- 7 A Nivel Nacional é necesario simplificar a estrutura para centrar os esforzos neste período  
8 nas tarefas prioritarias que nomeamos ao inicio. A posibilidade de constituír Asembleas de  
9 Activistas ou establecer novas Secretarías sempre debe estar aberta, sen embargo, cómpre  
10 sermos realistas coa capacidade actual. Alén da Coordinación e Organización/Área Interna,  
11 as responsabilidades de Comunicación, Municipal e Acción Externa deben ser as prioridades  
12 neste ciclo político.
- 13 Esquerda Unida debe mellorar a súa comunicación interna. É certo que melloramos desde a  
14 XII Asemblea sobre todo na información da actividade da organización a nivel Nacional, pero  
15 neste momento, continuamos sen ter canles consolidadas onde compartir o traballo e  
16 experiencia das diferentes localidades e comarcas.
- 17 No relativo ás mocións e iniciativas locais presentadas, levamos varias Asembleas falando da  
18 necesidade de termos ese traballo das localidades de Esquerda Unida accesibles nunha  
19 páxina específica. Sen embargo, producíronse dificultades que fixeron que esta medida non  
20 se puxese en marcha. Por unha banda a complexidade técnica e necesidade de mantemento  
21 e por outra, a necesidade de que as localidades se habitúen a enviar mensualmente as  
22 iniciativas elaboradas.
- 23 Compartir experiencias e traballo é importante para axudar a fortalecer as diferentes  
24 localidades, tanto nas que temos representación institucional coma naquelas onde non a  
25 temos. Por iso é necesario crear un grupo de traballo municipal para axudar a elaborar e  
26 compartir propostas e resolver o método técnico para compartilas, con medios máis  
27 modernos e accesibles – por exemplo a posibilidade dunha *nube*-.
- 28 Tampouco debemos esquecer a continuidade na tarefa de *feminizar* a organización que nos  
29 marcamos na XII Asemblea. Nestes catro anos cumprimos de sobra co obxectivo de mellorar  
30 a presenza de compañeiras nos órganos de dirección, sen embargo, feminizar a organización  
31 vai máis alá e debemos continuar traballando na introdución da perspectiva de xénero nas  
32 análises políticas a todos os niveis e fomentar espazos amables para a militancia.

### 33 **Traballar a acción externa**

- 34 Unha parte importante da actividade de Esquerda Unida nucleouse sempre en torno á  
35 presenza no conflito social. A nosa presenza tanto nos conflitos concretos -laborais,  
36 medioambientais, de dereitos sociais, etc- coma na participación en plataformas e colectivos  
37 constitúe o cerne do movemento político e social e tamén a base do que nós definimos  
38 como Unidade Popular.

- 1 A participación no conflito tradúcese en moitos casos na participación en mobilizacións  
2 sociais, nas que, tal e coma se puxo de manifesto desde a Pandemia, a organización nas  
3 mesmas é clave.
- 4 Máis alá da importancia da seguridade por motivos sanitarios nas manifestacións e  
5 concentracións nos últimos tempos, é ben certo que Esquerda Unida acusa algunhas  
6 carencias na participación e no modo de organizarnos nas mobilizacións nestes anos.
- 7 Non é unha cuestión homoxénea que afecte por igual a todas as localidades pero o certo é  
8 que sería desexable contar con algunha guía que axudase á hora de orientar ás agrupacións  
9 para preparar a nosa participación: que materiais levar, como proceder cos medios,  
10 presenza das mulleres nas faixas, etc. Preparar esta guía e aplicala será unha tarefa a  
11 cumprir no vindeiro mandato.
- 12 Alén dos elementos operativos, a importancia política da nosa acción externa debe significar  
13 que esta é a principal prioridade. Porque o apoio ás cuestións que afectan á clase  
14 traballadora debe ir por diante na nosa praxe política e tamén, loxicamente, pola visibilidade  
15 que esta outorga.
- 16 A comunicación no conflito debe ser tamén obxecto de elaboración de guías para mellorar a  
17 difusión do noso traballo.
- 18 A confluencia con movementos sociais, forzas sindicais, colectivos, etc ten unha extensión  
19 máis alá dos mobilizacións na rúa. A acción social directa, coma pode ser a participación ao  
20 través de plataformas coma a PAH no freo de desaloxos é un bo exemplo.
- 21 Esquerda Unida tivo unha experiencia positiva, aínda que non moi extensa no tempo, coa  
22 participación na Rede de Solidariedade Popular. O modelo de axuda solidaria, non caritativa,  
23 se non de participación e militancia co obxectivo de abordar problemas de vivenda,  
24 alimentación, coidados, etc. deben, na medida das nosas posibilidades, formar parte tamén  
25 da Acción Externa da nosa organización.
- 26 Non se trata de montarmos unha nova RSP ou unha plataforma semellante -  
27 desgraciadamente se require moito traballo para poñela en marcha-, se non de ocupar unha  
28 parte da actividade de rúa de Esquerda Unida con aqueles colectivos que, compartindo  
29 valores semellantes aos nosos, poidan proporcionar unha acción directa en cuestións de  
30 solidariedade e axudar a tecer unha rede de coidados.
- 31 Todas estas cuestións son elementos construtivos da unidade popular. Unha unidade  
32 popular que definimos na XII Asemblea coma a consecución do que Izquierda Unida definiu  
33 no seu día coma bloque social e político e no que, unha parte do mesmo se articulaba en  
34 torno á confluencia política entre diferentes forzas.
- 35 Tal e coma trasladamos en 2017 e tamén no Informe de Xestión de esta Asemblea, a  
36 confluencia política que practicamos ata o de agora foi moi imperfecta e baseada na  
37 constitución de acordos electorais.



- 1 Non é necesario repetir o resumo feito no Informe do que foron os últimos anos en materia  
2 de confluencia política, pero si lembrar as dificultades que nos atopamos á hora de intentar  
3 pechar acordos respectuosos para as diferentes partes.
- 4 Tal e coma definimos, as maiores dificultades se atopan na xeración de trabas encamiñadas  
5 a dificultar a visibilidades dos membros de EU, dificultar ou imposibilitar a participación de  
6 EU no deseño das campañas e a reacción á defensiva cando a nosa organización toma a  
7 batuta liderando procesos ou chamando a reunirse ás outras forzas.
- 8 Estas actitudes veñen motivadas en grande medida pola falla de xenerosidade coa que  
9 actúan en moitas ocasións as forzas políticas coas que vimos traballando a confluencia,  
10 intentando acaparar o máximo de espazo posible en troques de buscar un equilibrio na  
11 representación.
- 12 O progresivo encollemento do espazo electoral actual fai que, lonxe de equilibrarse, esas  
13 actitudes se vaian acentuando, ante o medo de perder unha grande parte da representación.
- 14 Evidentemente a lectura que podemos facer de esta realidade é moi negativa, xa que, de  
15 non resolverse esta tendencia e intentar traballar para asinar acordos equitativos e  
16 respectuosos coa identidade das forzas políticas, os futuros resultados do noso *espazo*  
17 político continuarían achicándose e en moitos casos nin sequera poderían ser factibles os  
18 acordos.
- 19 Esquerda Unida segue apostando pola confluencia política coma medio de aunar forzas e  
20 buscar sinerxías. Non acreditamos, polo tanto, nun modelo de confluencia baseado na  
21 imposición e no raquitismo político e si nunha proposta baseada no diálogo franco e na  
22 representación equitativa e respectuosa. Apostamos desde sempre de xeito claro e nido  
23 pola confluencia e para que esta poida ter algún futuro real só poderá producirse se se  
24 traballa nun marco de respecto mutuo.
- 25 A XII Asemblea de Izquierda Unida que vimos de celebrar, aprobou nos seus documentos o  
26 obxectivo de seguir traballando pola unidade con outras forzas , poñendo o aceno en Unidas  
27 Podemos. Os nosos documentos lembran a necesidade de democratizar o espazo político  
28 mediante mecanismos de coordinación interna que permitan intentar resolver as  
29 problemáticas existentes e facéndoo coa flexibilidade necesaria para acoller as diferentes  
30 situacións da confluencia no conxunto do Estado.
- 31 En Galicia partimos dunha situación que non é boa á hora de traballar eses marcos de  
32 relación, froito das recentes experiencias. Por iso, a necesidade de construír con outros non  
33 se pode dar de maneira forzada e para que exista a posibilidade de construír con certa  
34 solidez o traballo debe centrarse en tarefas precisas, máis próximas á participación conxunta  
35 en conflitos particulares e en actividades concretas.
- 36 O traballo concreto no marco electoral debe partir da premisa da equidade nas relacións e  
37 na representación á hora de tomar acordos, ao tempo que debe contemplar as realidades  
38 existentes no territorio no que se traballa.



## 1 Tese 5: Ferramentas e Estratexias para o futuro

2 Esquerda Unida naceu cun propósito de facer participativa as súas iniciativas programáticas  
3 e a súa proposta de acción. De ese espírito naceron as iniciais Áreas de elaboración colectiva.  
4 Nos últimos anos a organización Federal, no marco do proceso de retomar Izquierda Unida  
5 coma movemento político e social abriu o debate sobre a necesidade de ampliar máis alá da  
6 organización a participación neses grupos de traballo, concluíndo este debate na XII  
7 Asemblea coa inclusión estatutaria das Redes de Activistas coma espazo de traballo colectivo  
8 nos diferentes conflitos. Establecendo a posibilidade de crear redes temporais ou  
9 permanentes, sempre supervisadas desde o ámbito orgánico.

10 Tal e como definimos na Tese 4 a nosa debilidade actual fai necesario priorizar o traballo e  
11 focalizar os esforzos nas Secretarías básicas na nosa estrutura, pero tanto a estrutura  
12 Nacional coma a nivel de base a organización debe estar permanentemente aberta á  
13 posibilidade de constituír redes sempre que exista masa crítica de militancia para facer  
14 fronte ao traballo de coordinación das mesmas.

15 Un dos ámbitos que marcamos coma importante na XII Asemblea foi o educativo, coa  
16 constitución na última fase do último mandato dun *protogrupo* de traballo con compañeiras  
17 e compañeiros do ámbito educativo. Neste período que entra estudaremos a posibilidade de  
18 afianzalo coma se é posible nomear responsables do mesmo.

19 Na XII Asemblea Nacional Esquerda Unida puxemos en valor a importancia das Áreas de  
20 Elaboración colectiva, como espazo de deliberación e traballo en ámbitos concretos. Neste  
21 período que pechamos con esta XIII Asemblea, a dirección Nacional constituíu a nova Área  
22 de Muller, cun traballo moi positivo e estable, tal e coma xa explicamos no Informe de  
23 Xestión.

24 Pese aos cambios organizativos experimentados desde a Asemblea Federal en relación ás  
25 Redes, o traballo das Áreas xa constituídas debe continuar. Nese sentido, cabe destacar a  
26 elevada importancia que ten para nós manter o funcionamento da Área de Muller e se é  
27 posible, melloralo e ampliálo con máis participación de localidades e comarcas.

28 Desde a Área da Muller de Esquerda Unida vense traballando compartindo asembleas  
29 periodicamente e a través da implicación e compromiso estable e continuo nos distintos  
30 movementos feministas de Galicia. Participando nos espazos de organización do 8M, nas  
31 distintas convocatorias de manifestacións e na Folga Feminista que marcou as mobilizacións  
32 en Galicia ao longo destes últimos anos que, como xa indicamos na Tese1, supuxeron un  
33 éxito de seguimento e afluencia de mulleres.

34 A participación, coordinación e sinerxías cos movementos e activismo feminista son clave na  
35 nosa idea de participación política, por iso o obxectivo e continuar traballando coas  
36 asociacións feministas, cos colectivos de mulleres galegas que están en loita, mulleres  
37 traballadoras que sofren en primeira man a fenda salarial, así como colectivos de  
38 traballadoras de sectores feminizados.

- 1 Como xa dixemos na Tese 4, alén destas responsabilidades de traballo colectivo, é necesario  
2 simplificar a dirección Nacional, priorizando o traballo aos ámbitos, externo, interno,  
3 comunicativo e municipal.
- 4 A Executiva Nacional debe ser un órgano áxil e resolutivo que coordine estas diferentes  
5 responsabilidades e no que a maioría dos membros teña unha tarefa concreta.
- 6 Debemos ensanchar tamén a participación. É importante que, como xa indicamos, os actuais  
7 cargos públicos municipais e responsables locais participen activamente en grupos de  
8 traballo concretos e non necesariamente vinculados a un órgano ou coma membros do  
9 mesmo. Esta forma de traballar máis flexible debe servir para mellorar a participación en  
10 tarefas concretas, permitindo que compañeiras e compañeiros con menos tempo para  
11 asumir máis tarefas orgánicas si poidan aportar coñecementos a Esquerda Unida.
- 12 Este modelo pode ser de utilidade non só á hora de organizar o traballo das Secretarías, se  
13 non tamén para preparar documentos ou facer consultas sobre temas específicos a nivel  
14 político.
- 15 Por outra parte a Comunicación debe ser un dos aspectos fortes no traballo no período que  
16 se inicia. Desde hai catro anos Esquerda Unida leva mellorado paulatinamente a súa  
17 proxección mediática externa dentro dunha etapa na que, cada vez máis, se reivindica  
18 imprescindible para calquera organización política.
- 19 Nesta etapa que afrontamos, a comunicación será polo tanto unha prioridade para Esquerda  
20 Unida, reforzando as canles propias como transmisoras da mensaxe e da acción política,  
21 fluidez e claridade de cara ao externo e axilidade no interno.
- 22 Na actualidade temos unha serie de dificultades á hora de poñer en marcha este traballo  
23 que xa fomos nomeando neste documento. Temos unha representación institucional  
24 reducida, polo que esta presenza pública da que falamos é máis limitada, así debemos  
25 reforzar a acción política que se realiza desde o ámbito local coa proxección a través dos  
26 medios propios sen renunciar á comunicación tradicional.
- 27 Por outra banda, a nosa realidade política require do compromiso de todos os órganos  
28 mediante traballo militante, para poder levar a cabo a tarefa de extensión e presenza  
29 pública. Tanto no interno como no externo é necesario tecer unha estratexia conxunta para  
30 toda a organización, impulsar unha metodoloxía que permita desde o local, lanzar mensaxe  
31 e contido para ter presenza na actualidade política o que requires da convocatoria pública e  
32 da difusión orgánica.
- 33 Por outra banda, os cambios sociais no uso dos medios de comunicación se acentuaron nos  
34 últimos anos. Nas últimas Asembleas Nacionais xa analizamos a importancia das RRSS e de  
35 Internet na transmisión da mensaxe política. A chegada da Pandemia incrementou  
36 substancialmente o uso das tecnoloxías, establecendo varios usos normalizados.
- 37 O *streaming* comezou a empregarse non só ámbito laboral en determinados postos para  
38 substituír a presencialidade, se non tamén no ámbito educativo e tamén lúdico ou de ocio.  
39 Neste sentido, as charlas ou entrevistas que puxemos en marcha nos últimos tempos, cun

- 1 formato breve e sobre temas concretos están resultando unha boa ferramenta para chegar á
- 2 xente e deben ser melloradas e explotadas.
  
- 3 Por outra banda, tamén se incrementou o uso das diferentes RRSS, cunha estratificación
- 4 etaria moi importante e con formas de linguaxe e comunicación que debemos estudar e
- 5 empregar se queremos chegar a un número maior de persoas, de distintas franxas de idade,
- 6 pero especialmente ás máis mozas.
  
- 7 Precisamos, polo tanto, contar cun equipo de compañeiras e compañeiros traballando os
- 8 diferentes elementos no ámbito comunicativo e moi centradas na utilización de redes e
- 9 internet.
  
- 10 As tarefas polos tanto se poden resumir no campo comunicativo:
  
- 11 ● Definir e traballar *unha* estratexia comunicativa que impulse a presenza de cada
- 12 asemblea de base desde a participación no conflito e o traballo institucional.
  
- 13 ● Elaborar protocolos sinxelos e directrices claras que permitan establecer unha
- 14 comunicación fluída e efectiva.
  
- 15 ● Coordinación e priorizar as diferentes das canles de comunicación, cara o externo e
- 16 cara o interno.
  
- 17 ● Actualizar e adecuar o discurso e a linguaxe nas diferentes canles de difusión. É dicir,
- 18 modular o formato das mensaxes para adaptalo a cada medio.
  
- 19 ● Contar cun grupo de comunicación onde elaborar propostas de formato e ideas para
- 20 transmitir o traballo de Esquerda Unida.

